



Concello de Guitiriz

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2021/4	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	29 de xullo de 2021
Duración	Desde as 19:35 ata as 23:20 horas
Lugar	Sala de sesións da Casa Consistorial
Presidida por	Marisol Morandeira Morandeira
Secretario	Pablo Portela Fernández

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33554944Z	Ainara Pérez Losada	SÍ
33310371T	Angel Seoane Lamela	SÍ
33860503H	Carlos Placido Bujan Lopez	SÍ
33852173Z	Francisco José Penas Pardo	SÍ
33852423B	Jose Ferreiro Fernandez	SÍ
32822479F	Laura Ageitos Miragaya	SÍ
32776632E	Marisol Morandeira Morandeira	SÍ
33844142X	María Manuela Carballeira García	SÍ
76577601K	Monica Vázquez Lago	SÍ
33346610Z	Paula Campo Barral	SÍ
33317872A	Pilar Vazquez Ares	SÍ





Concello de Guitiriz

33826774F	Xosé Lois González Souto	SÍ
33843554C	Xosé María Teixido Nuñez	SÍ
33538075G	Ivan Morado Corral	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 13, En contra: 0, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Sometido o votación a acta da sesión ordinaria de data 27/05/2021 é aprobada por unanimidade.

Expediente 714/2021. Imposición e Ordenación de Tributos

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 8, En contra: 5, Abstencións: 0, Ausentes: 0

A proposta ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, é a seguinte:

“DELEGACIÓN EN XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO ESTABLECEMENTO DO PREZO PUBLICO PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE CONCILIACIÓN.Expte. 714/2021

Dona María Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vista a memoria de alcaldía de data 22/07/2021.

Según o Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), que no seu artigo 47 establece o órgano competente para a fixación dos prezos públicos:

“Artículo 47. Fijación.

1. El establecimiento o modificación de los precios públicos corresponderá al Pleno de la corporación, sin perjuicio de sus facultades de delegación en la Comisión de Gobierno, conforme al artículo 23.2.b) de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de





Concello de Guitiriz

las Bases del Régimen Local.

2. Las entidades locales podrán atribuir a sus organismos autónomos la fijación de los precios públicos, por ella establecidos, correspondientes a los servicios a cargo de dichos organismos, salvo cuando los precios no cubra su coste.

(...)"

Tanto o establecemento como a modificación dos prezos públicos requiren dun acordo de pleno, se ben, esta competencia é delegable en Xunta de Goberno, conforme o establece o artigo 23.2.d) da Lei de Bases de Réxime Local (LBRL).

Tendo en conta a necesidade de ter establecido o prezo público para ofertar o servizo de concilia madrugador e concilia tardes no comezo do curso escolar, dado que estamos en época estival e o persoal desfruta de vacacións e non foi posible a redaccion completa da documentación para o establecemento do prezo público de referencia e seguindo os criterios de eficacia e eficiencia para a tramitación do expediente, é preciso a delegación en xunta de goberno local da aprobación do prezo público para a prestación de servizos de conciliación.

Considerando o disposto nos artigos 15 a 19, 57, e 20.3 s) e 101 da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada polo RDL 2/2004 de 5 de marzo.

Considerando o disposto nos artigos 4.1 a), 21.1, 22.2 d),25.2, 47.1, 49,65.2 e 70.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e concordantes da Lei de administración local de Galicia, Lei 5/1997 do 22 de xullo.

Propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Delegar na Xunta de Goberno Local o establecemento do prezo publico para a prestación de servizos de conciliación."

Aberto o debate pola presidencia di que o servizo que se vén desenvolvendo no concello ata agora era gratuíto, nós pretendemos establecer unha pequena taxa polo que o propoñemos con este acordo é a delegación na Xunta de Goberno Local para poder aprobalas antes de que comece o curso.

O voceiro do PP di que o Servizo "Guitiriz Concilia" leva prestándose neste concello moitos anos, é un servizo propio do concello financiado cunha subvención da Xunta de Galicia cun importe de 15.000 €, que é a cantidade máxima que concede a Xunta ao concellos.

Dicirlle que nós non estamos de acordo en cobrarlles as familias, xa que nunca se fixo e porque estamos saíndo dunha crise sen precedente, ademais este concello conta con bastante remanente, polo que cremos que pode seguir sendo gratuíto como ata de agora.

O voceiro do BNG di para argumentar sobre a conciliación temos que remontarnos a moitos anos atrás cando o salario dun dos cónxuxes que traballaba, na maior parte dos casos o home, era suficiente para manter unha familia e chegar cunhas



Cod. Validación: 6WSFEJYHMYS45GYQWRWVXG57F | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 31



Concello de Guitiriz

condicións aceptables a final de mes. Neste caso a conciliación xa estaba na casa e non facía falta axuda externa. Pouco a pouco os nosos gobernantes foron cambiando as condicións de vida e dentro das familias fíxose imprescindible que os dous membros da parella traballasen para poder vivir e chegar a finais de mes. Os salarios foron baixando ata que non quedou outra que os dous membros da familia traballaran para poder mantela, agora polo regular e si teñen sorte traballan os dous cónxuxes e non hai quen coide as crianzas e a conciliación facémola na maioría dos casos os avós/as, pero as parellas que non dispoñen desta conciliación necesitan este tipo de axuda que ofrecen os concellos e que debería estar mellor financiada pola Xunta.

Faise obrigatorio un servizo deste tipo dende os concellos, pero tamén vemos que os responsables deste cambio na vida das familias son os que agora a base de subvencións parécelles que están mantendo un servizo que esta moi lonxe de resolver este problema, por iso faise necesario a colaboración económica das familias, aínda que sexa nunha pequena parte.

A Sra. Alcaldesa di que a taxa que se pretende establecer é simbólica. O que esta a ocorrer é que as familias as veces apúntanse ao servizo e despois non o utilizan coa regularidade coa que a solicitaron inicialmente e todo isto provoca, que como no contrato ten que figurar un número de horas por monitor en función dos nenos/as que se teña previsto que vaian asistir e si finalmente non utilizan o servizo o contrato hai que cumprilo e pagalo igual.

A taxa non vai gravar as familias que non podan facer fronte a ela xa como en todos os servizos que dá este concello a través de servizos sociais farase un seguimento das familias que non podan pagar e isto non supoñerá ningún problema.

En canto ao custe do servizo o prezo por hora será de 16,5 € máis IVE e o prezo anual do contrato estimouse, para nun máximo de 840 horas por monitor (dous monitores), en 27.720 € máis IVE. A retención de crédito que se fixo para este contrato para o ano 2021 é de 15.600 €, co cal a subvención que dá a Xunta xa non chegaría nin para este ano e iso que so é de setembro a decembro. Nesta subvención da Xunta tamén entra o servizo de concilia vacacións e para este contrato a retención que se fixo foi de 11.616 € máis IVE. E dicir, un custe do servizo de aproximadamente 47.000 €

O voceiro do PP di que non están de acordo con que se cobre as familias polo servizo.

O voceiro do BNG di que estamos falando de pagar unha cantidade moi pequena e simbólica e así poder controlar o gasto.

A Sra. Alcaldesa di que o servizo vense prestando dende o ano 2018 por unha empresa externa ao concello cando o servizo adquiriu unha cantidade de usuarios/as maior e o persoal do concello que desenvolvía ese servizo non era suficiente e tivemos que recorrer a contratar máis monitores. A realidade é que ao concello cústalle arredor de 47.000 € e a Xunta aporta 15.000 €.

Sometido o asunto a votación é aprobado cos votos favorables do PSOE e BNG e cos votos en contra do PP.





Concello de Guitiriz

Expediente 719/2021. Festivos locais para o ano 2022

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 12, En contra: 0, Abstencións: 1, Ausentes: 0

A proposta de acordo, ditaminada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Pleno, é a seguinte:

“Proposta de días festivos locais para o ano 2022. Expte: 719/2021.

Vistos os seguintes antecedentes que constan no expediente:

Escrito remitido pola Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia con data entrada 16/06/2021 e RE nº 2573, no que solicitan envío de proposta do Pleno ou do órgano competente na que consten as datas concretas de dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable deste termo municipal para o vindeiro ano 2022 co obxecto de determinar os dous días de cada ano natural que neste concello teñen carácter de festas locais por tradición propia, segundo establecen os artigos 37.2 do Estatuto dos traballadores e o 46 do Real decreto 2001/1983, de 28 de xullo, e ditar a correspondente resolución.

Ao abeiro do disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, na Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Considerando a atribución que lle conceden ao alcalde e ao Pleno os artigos 21.1 e 22.2 c) da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e normativa concordante.

Tendo en conta que habitualmente o Concello de Guitiriz determina como días festivos de carácter local o martes de Entroido e o día de San Xoán e segundo establece no escrito remitido pola Xefatura da Consellería de Emprego e Igualdade o 24 de xuño (San Xoán) de 2022 é festivo autonómico.

Propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Designar como días de festa local para o ano 2022, de carácter retribuído e non recuperable, os seguintes dous días: 1º. Martes 1 de marzo (martes de Entroido). 2º. Luns 8 de agosto (despois de Pardiñas)

SEGUNDO.- Notificarlle o presente acordo ao departamento correspondente da Xunta de Galicia e comunicarllo ás persoas e aos servizos municipais afectados para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.”

Aberto o debate pola presidencia o voceiro do PP di que aínda que esta proposta non





Concello de Guitiriz

foi consensuada tampouco desacreditamos que non sexan os idóneos por iso imos votar a favor.

O voceiro do BNG di que nós propoñemos os seguintes días, martes de entroido, 1 de marzo e o mércores 17 de agosto, día de Galicia Mártir, en homenaxe a memoria do fusilamento de Alexandre Bóveda e de todos os galegos e galegas que deron a súa vida ou padeceron o exilio por defender as liberdades e dereitos democráticos e nacionais do pobo galego.

A Sra. Alcaldesa di que lle houbera gustado escoitar antes esa proposta posto que agora non pode tomar esta decisión ela soa sen debatelo co meu grupo, pero podémolo retomar para anos sucesivos.

Sometido o asunto a votación é aprobado cos votos favorables do PSOE e PP e coa abstención do BNG.

Expediente 695/2021. Moción BNG sobre a nova tarifa eléctrica

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A proposta de acordo, ditaminada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Pleno, é a seguinte:

“Moción sobre a nova tarifa eléctrica

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado 9 de Marzo do 2021 o Consello de Ministros, a proposta do MITECO, aprobou o Real Decreto polo que establece a metodoloxía que, xunto coas peaxes do sistema fixadas pola "Comisión Nacional de los Mercados y de la Competencia" (CNMC) na circular 3/2020 conforman a parte regulada da factura eléctrica de cada consumidor ou consumidora.

Esta reforma, xa prevista para o ano 2020 e demorada pola pandemia, entrou en vigor o pasado 1 de xuño. Dende o BNG consideramos que esta norma xera un impacto negativo nos consumidores e consumidoras, danos colaterais importantes que deberán levar á reconsideración desta norma, sobre todo tendo en conta que afecta a importantes sectores da poboación que xa están sufrindo as graves consecuencias derivadas do forte impacto económico das restricións impostas pola loita contra a COVID-19.

Este é o caso do consumo doméstico e nomeadamente daquelas persoas consumidoras adheridas xa con anterioridade ao sistema de discriminación horaria. Na Galiza hai máis de medio millón de fogares adheridos a esta modalidade que verán como a súa factura experimenta un aumento que pode chegar a superar o 30%.

Así mesmo, debe destacarse o impacto que ten en determinadas actividades



Cod. Validación: 6WSEJYHMYS45GYQWRWVXG57F | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 31



Concello de Guitiriz

económicas cunha forte implantación na Galiza como son as pequenas explotacións gandeiras, xa que os horarios do período punta da tarifa coinciden con tarefas de alto consumo enerxético. Se observamos o perfil típico dunha explotación gandeira, veremos que o 40% do consumo concéntrase entre as 8h e as 13h pola mañá e as 18 e 23h pola tarde, xusto o período punta, polo que o incremento medio na factura será de máis do 40%. No país existen máis de oito mil explotacións afectadas por este cambio e sen alternativa posíbel.

De igual forma, outros consumidores cun perfil de consumo semellante ao descrito, como é o da hostalería, xa duramente golpeado pola pandemia, e o resto de PEMES, sufrirán igualmente as consecuencias, pois as súas actividades desenvólvense necesariamente durante as horas de maior custo da enerxía. Todo isto nunha Galiza que exporta electricidade.

Para rematar, queremos facer fincapé en que non resulta tóxico acometer un cambio normativo deste calibre sen ter en conta outros aspectos da composición da factura cuxo peso é relevante e cuxa necesaria revisión demándase tamén dende amplos sectores da sociedade, como son o importe do imposto especial da electricidade e o tipo de IVE que debe aplicarse, sendo a electricidade un ben de primeira necesidade e non un luxo.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Guitiriz somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1º.- Trasladar ao Goberno central o rexeitamento por parte do Concello de Guitiriz a súa política enerxética por contribuír ao incremento da factura eléctrica dunha parte importante das e dos consumidores domésticos e de sectores vulnerábeis, singularmente os cambios aplicados a partir do 1 de xuño de 2021.

2º.- Instar ao Goberno do Estado a abrir un novo proceso para unha regulación da tarifa eléctrica baixo as seguintes premisas:

- a) Reducir os impostos que gravan o consumo de enerxía eléctrica, singularmente a eliminación do imposto especial da electricidade e a redución do tipo aplicado no imposto de valor engadido até o 4%.
- b) Beneficiar aos territorios de produción de enerxía eléctrica compensando o forte impacto ambiental e social derivado da súa produción a través dun abaratamento dos prezos.
- c) Modificar a Lei 24/2013, do sector eléctrico, de maneira que o prezo da electricidade se estipule en función dos custos de xeración de cada tecnoloxía.”

Aberto o debate pola presidencia o voceiro do PP di que o goberno de España leva tres anos prometendo medidas para rebaixar o prezo da luz, mais este goberno segue improvisando e non busca solucións, pero o único certo é que a factura eléctrica segue subindo e isto é un incremento cuantitativo para as familias, pemes e autónomos e aínda é máis significativa dende que se implantou o novo réxime de





Concello de Guitiriz

tarifas.

Durante todo este tempo a Xunta de Galicia esta a recomendar ao goberno de España que adopte solucións pola vía da fiscalidade entre as que se atopan as medidas que vén de anunciar: rebaixa do IVE e a suspensión do imposto a xeración eléctrica. Mais de momento estas medidas son insuficientes polo que é preciso que se adopten máis decisións para abaratar o recibo da luz. Polo tanto estamos a ver que a mala política do goberno de España, que esta impulsando unha transición enerxética errática e inxusta, ten consecuencias nun prezo eléctrico descontrolado que afecta non só as economías das familias senón tamén a perda de competitividade do tecido empresarial.

A Xunta de Galicia esta exercendo as súas competencias en materia enerxética, por un lado estamos traballando para promover un desenvolvemento eólico ordenado que contén todas as garantías técnicas, xurídicas e ambientais, velando pola súa compatibilidade coa protección e sustentabilidade do medio ambiente, unha enerxía limpa e sostible que veta o BNG e o PSdG-PSOE, a pesar de ser esencial no avance dunha Galicia máis verde. Neste sentido compre recordar que a enerxía eólica contribúe a evitar as emisións CO₂, principal causante do cambio climático e ameaza para os ecosistemas naturais e a biodiversidade.

Por outra banda os beneficiarios de axudas da Xunta para evitar cortes de luz dende o 2014 xa son 25.000 e este ano o bono eléctrico galego conta con 1,6 millóns de euros, ademais están as axudas do INEGA en materia de aforro e eficiencia enerxética. O INEGA conta este ano cun 33% máis de incremento económica no seu orzamento.

En canto a tarifa eléctrica galega que subxace na petición de bonificación aos territorios de produción de enerxía, sinalar que é un dos puntos de acordo de goberno asinados entre o PSdG e o BNG. O BNG fixo un acordo co goberno social-comunista sobre a tarifa eléctrica, por iso o BNG confía en que se cumpra e por iso o inclúe na moción.

A Sra. Alcadesa di a subida da luz tivo unha reacción do goberno rápida, baixando o IVE do 21 ao 10% ata fin de ano sempre e cando o prezo medio mensual no mercado maiorista de electricidade subira por encima dos 45 €, esto vai supoñer un aforro para unha parte dos fogares. Vaise aplicar tamén un 10% do IVE a todos os consumidores vulnerables severos ata fin de ano (esta medida afectará a 612.000 consumidores e ao 50% dos fogares beneficiados do bono social) e tamén se suspende o 7% do imposto sobre o valor da produción eléctrica durante o terceiro trimestre deste ano.

Somos conscientes de que hai que abordar unha reforma estrutural e fiscal do sistema enerxético e que a pesar de que se actuou de maneira rápida e decidida, sabemos que non son as únicas medidas que se deben tomar e que hai que seguir tomando medidas para que esto deixe de suceder.

Recordar que isto non é unha problemática que empezara agora, dende o ano 1998 cando se produce unha privatización de distintas empresas que ata ese momento estaban sometidas a unha regulación que despois desapareceu e posteriormente outros gobernos non puideron modificar esa privatización. Creo que é fundamental modificar esta Lei 24/2013 porque o prezo da electricidade tense que estipular en





Concello de Guitiriz

función dos custes de xeración de cada tecnoloxía

Estamos de acordo con todas as peticións que fai o BNG nesta moción, o único que non compartimos é ese “rexeitamento a política enerxética” xa que esa política aínda se esta levando a cabo e con medidas sucesivas pode axudar a reducir esta subida, polo que propoño facer unha emenda no primeiro punto dos acordos.

O voceiro do BNG di que queremos que a tarifa eléctrica galega permita as familias e empresas beneficiarse de ser Galicia unha gran produtora e dende hai anos exportadora de electricidade. Ten que notarse a baixada que pedimos na factura eléctrica, no peto de todos/as os/as galegos/as e ten que notarse nas empresas que teñen sede en Galicia.

Non só é posible senón ademais é xusto pois somos un país rico en electricidade, estamos asumindo dende hai moitos anos os custos ambientais e sociais sen ningún beneficio e mesmo chegamos a pagar a factura mais cara porque as empresas eléctricas repercutiron sobre os consumidores o imposto sobre contaminación aprobado polo goberno do Sr. Feijoo. Lembrar que a existencia de tarifas eléctricas diferenciadas e mais baratas para zonas produtoras de enerxía e o mais normal en moitos Estados Europeos moito mais desenvolvidos que nós.

E inexplicable que o propio Presidente de Galicia leve vetando 12 anos a proposta do BNG, que sería ter unha tarifa propia galega.

Iberdrola rexistrou no ano 2020 un beneficio récord de 3610 millón, Endesa 1394 millóns de euros, este incremento supón un 33% mais que o gañaron conxuntamente no 2019, e non son as únicas, todas as eléctricas declararon beneficios nas súas contas e iso que atravesamos unha gran crise onde unha gran porcentaxe de familias o pasou moi mal.

Entendemos que a electricidade ten que ser un ben de primeira necesidade para todos/as os/as galegos/as. A factura da luz encareceuse nun 34% na primeira quincena deste mes con respecto a mesma quincena do ano pasado. Unha factura mensual dun salario medio esta chegando aos 84 €, mentres as ganancias das eléctricas non deixan de subir.

O voceiro do PP di En canto aos territorios de produción de enerxía eléctrica compensado co forte impacto ambiental estamos totalmente de acordo. E como galegos que somos tamén gustaríanos que as empresas que están asentadas en Galicia pagasen menos electricidade.

Por outra banda modificar a Lei 24/2013, é moi fácil, téñeno nas súas mans.

Nós estamos totalmente de acordo con esta moción.

A Sra. Alcaldesa propón a seguinte emenda para o punto 1º dos acordos “Trasladar ao Goberno Central a petición por parte do Concello de Guitiriz de desenvolver unha política enerxética encamiñada a protexer os consumidores vulnerables especialmente pero tamén os consumidores domésticos e minimizar os efectos dos cambios aplicados a partir do 1 de xuño de 2021.

Procedese a votación da emenda, quedando aprobada por unanimidade.

O voceiro do BNG di que hai varios tipos de enerxía e hai 24 poxas de electricidade





Concello de Guitiriz

ao día, os/as usuarios/as pagan ao día o prezo mais caro desas poxas, o prezo da máis cara, que é a producida por gas e estase usando para producir electricidade nas horas punta e ese é o prezo que nós marcan todo o día. Ese prezo é o que pagamos os usuarios/as ás grandes empresas eléctricas privadas dende o ano 1998 cando o Sr. Aznar liberalizou o mercado eléctrico e os gobernos que viñeron despois pouco fixeron para cambiar a tendencia.

En definitiva, todo o que esta facendo o goberno Español (redución IVE, suspensión do imposto) é un remendo porque suben tanto a luz que esas medidas non se van notar nas facturas.

Sometese o asunto a votación, emendándose o punto primeiro do ditame da comisión informativa que queda redactado do seguinte xeito: "trasladar ao goberno central a petición por parte do concello de Guitiriz de desenvolver unha política enerxética encamiñada a protexer aos consumidores vulnerables especialmente, pero tamén aos consumidores domésticos e minimizar os efectos dos cambios aplicados a partir do ano 2021". A inclusión da emenda e o asunto emendado e aprobado por unanimidade.

Expediente 726/2021. Moción PP en relación ao contrato de subministración de combustible coa estación de servizo

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 5, En contra: 7, Abstencións: 1, Ausentes: 0

A proposta de acordo, ditaminada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Pleno, é a seguinte:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como todos vostedes saben e coñecen, este Concello asinou un contrato de subministro de combustible coa estación de servizo, sita na vila de Guitiriz denominada Estación de Servizo de Guitiriz-Repso, onde os vehículos deste Concello ou alugados polo mesmo repostan.

A nos, como Partido Popular de Guitiriz, sorprendeunos moito ca Sra. Alcaldesa-presidenta se vanagloriara do seu grande logro, en facer un contrato coa gasoleira consistente en tarxetas de subministro para cada vehículo e algunha outra tarxeta para maquinaria de todo tipo.

Nos como coñecedores da materia, quedamos abraiados, pois parecíanos que este sistema ía a traer consecuencias, debido ao mal uso que se fixo de elas, e que agora mesmo detectáronse, e que pensamos que son graves e punibles.

Irnos pois a motivar esta moción cos seguintes datos para que os coñezan non só as señoras e señores concelleiros, se non tamén para que os poidan coñecer as





Concello de Guitiriz

persoas que nos están escoitando e queden reflectidas para a historia deste concello nas súas actas.

1º.- Con data 7 de maio do 2021 solicitamos ver as facturas de combustible correspondentes aos repostaxes realizados polos vehículos de Protección Civil e os tickets ou albarás correspondentes ao subministro efectuado dende o mes de outubro do 2020 ata o mes de marzo do 2021.

2º.- Con data 8 de maio do 2021, solicitamos ver as facturas de combustible correspondentes aos repostaxes realizados polos seguintes vehículos:

- a) Vehículos de Protección Civil dende o mes de xuño do 2020 ata o mes de setembro do 2020, e dende abril do 2021, ata maio do 2021.
- b) Vehículo multiuso (Camión), dende setembro do 2020 ata maio do 2021.
- c) Vehículo do Centro de Día, dende setembro do 2020 ata maio do 2021.

3º.- Con data 25 de xuño do 2021, solicitouse ver as facturas de combustible correspondentes aos repostaxes realizados, os tickets e albaráns de cada subministro efectuados durante todo o mes de xuño do ano en curso.

Tamén se solicitou ver o Informe da ITV dos seguintes vehículos:

- A) Vehículo de Protección Civil.
- B) Vehículo multiusos (Camión)
- C) Pedíuse unha fotografía do cadro de instrumentos dos seguintes vehículos onde figura os quilómetros totais actuais a data de 30 de xuño ou ben o 1 de xullo do en curso.

Estes vehículos son dous (2) vehículos de Protección Civil e un (1) vehículo do Centro de Día.

Por todo elo, elevase ao Pleno esta MOCIÓN, na que se propoñen os seguintes ACORDOS.

- 1º) Que se nos entregue a documentación solicitada.
- 2º) Que se notifique a gasoleira denominada Estación de Servicio de Guitiriz-Repsol, todas as anomalías.
- 3º) Que ningún condutor poda repostar sen poñer o número real de quilómetros e o encargado nese momento da gasoleira o comprobe, e o deixe apuntado no ticket ou albarán do propio Concello para cada repostaxe e o asinen ambas partes, o condutor e o gasoleiro que o atendeu.
- 4º) Que as tarxetas se activen para non poder repostar sen o quilometraxe.





Concello de Guitiriz

5º) O que pretende facer o Partido Popular é que haxa un verdadeiro control sobre o gasto do combustible servido aos vehículos do Concello, e que as xentes que viven nel, e dicir, os cidadáns que pagan os impostos saiban como se están a gastar os cartos municipais, e non como se está a facer agora mesmo, e para isto, pedimos que se faga unha COMISIÓN DE INVESTIGACIÓN, formada por representantes dos tres partidos políticos neste Concello, PSOE, BNG e Partido Popular, pois os casos son **graves e punibles.**”

Aberto o debate pola Presidenta o voceiro do BNG di que isto máis cunha moción parece unha petición de documentación por parte do PP ao equipo de goberno, que por outro lado ten a obriga de entregarlle ao peticionario. Todas estas peticións van encamiñadas a esclarecer a verdade do que esta a acontecer coa repostaxe de carburantes dos vehículos municipais.

Algo que debería ser transparente parece que non o é, o normal e esclarecer a verdade xa que falamos de cartos de todos/as polo que ten que estar perfectamente xestionado e coa máxima transparencia posible.

A Sra. Alcadesa di que na documentación aportada eu creo que estaba toda a solicitada, pero volveremos a comprobalo. No expediente que creamos en xestiona para que vostede tivera acceso, incorporouse documentación o 9, 11, 14, 15, 18, 22, 29, 30 de xuño e o 1, 5, 9, 20 de xullo en distintas carpetas, que si non me equivoco conteñen toda a documentación posto que non temos ningún motivo para non facilitarlla.

Dicir que eu non me vanagloriei de nada, o único que fixen foi licitar un contrato para o subministro de gasóleo no concello, porque vostede sabe, posto que foi alcalde, que todas as facturas que se pagan sen un soporte contractual levan un reparo de intervención por iso era necesario ter un contrato para poder levar a cabo o pago das facturas das subministracións e así facer un control mais exhaustivo do gasto xa que cada tarxeta esta asignada a un departamento.

Por outra banda, vostede debería reflexionar sobra as declaracións que fai dos traballadores da gasoleira, que se deben sentir atacados e incluso atrevome a dicir que insultados, porque vostede pensa que eles teñen intereses en cargar nunhas tarxetas que só se poden usar para cargar combustible outros produtos que se venden na gasoleira, debería reflexionar sobre esas declaracións.

Intervén o Interventor para aclarar que o está no debate compétenos a nós como órgano de control, teño que dicir que temos un marco de control que nace das bases de execución e en base a iso facemos un control interno simplificado pero bastante exhaustivo. Dicir agora que o imos revisar cunhas bases distintas xera inseguridade xurídica.

O voceiro do PP di xa dixo nalgún momento que non era un contrato fácil de controlar e por suposto non quero ir en contra dos traballadores da gasoleira.

En canto a documentación solicitada, claro que se me entregou documentación pero incompleta, faltan o 90% dos tickets do subministro.

En canto ao coche do Centro de Día, matrícula 2879KSG, sorpréndenos moito que dende que pedimos as facturas, tickets e albarás os repostaxes deste vehículo,





Concello de Guitiriz

dende 4 de marzo ata 30 de xuño, foron de media de 84 litros.

Vou mencionar algunhas datas: sete de xaneiro de 2021: subministráronse 93,13 litros; doce de marzo de 2021: 96,14 litros; vinte tres de marzo de 2021: 92,24 litros; quince de marzo de 2021: 97,54 litros; catro de decembro de 2020: 96,52 litros; sete de decembro de 2020: 96,05 litros, sinalar que nestas datas hai días festivos.

Pero hai un mes para destacar, o mes de outubro de 2020: o día seis as 8:43 horas subministrase 93,96 litros e ese mesmo día as 19:27 horas subministrase 134,56 litros; o día trece: 92,07 litros; vinte un de outubro de 2020: 96,32 litros: vinte dous de outubro de 2020: 74,36 litros e vinte sete de outubro: 100,38 litros.

Que alguén me explique como é isto posible nun vehículo que segundo temos comprobado por marca e modelo o máximo que colle no depósito son 100 litros.

O voceiro do BNG di que o importante é esclarecer o asunto.

A Sra. Alcadesa di que si lle falta algunha documentación poña por escrito cal é para facilitarlla, posto que eu non teño ningún problema en facilitarlla.

O servizo estase a desenvolver segundo o contrato asinado e con todos os controis establecidos aínda que pode haber algún desaxuste porque é a primeira vez que se fai. Así por exemplo, no camión multiusos nunha ocasión que non funcionaba a tarxeta, gardáronse os albarás e unha vez arranxada esta pasáronse isos repostaxes a mesma, figurando cargados na tarxeta o mesmo día.

O voceiro do PP di que se reitera no dito anteriormente e sinalar que nos tickets que se me enviaron, xa que non se me enviaron todos, o único que pon os quilómetros é o camión multiusos.

Si collemos o consumo do ano 2019 e comparámolo co de 2020 estou seguro que temos un 40% ou 50% mais de consumo.

Intervén o interventor para aclarar novamente que dende intervención hai un control interno coas normas que hai en vigor. Si co paso do tempo se considérase que esas normas son insuficientes pódense cambiar e así mellorar o sistema.

Sometido o asunto a votación é rexeitado por 7 votos en contra do PSOE, 5 votos a favor do PP e unha abstención do BNG.

Expediente 727/2021. Moción PP en relación ao repetidor TDT de Parga

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 13, En contra: 0, Abstencións: 0, Ausentes: 0

A proposta de acordo, ditaminada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Pleno, é a seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS





Concello de Guitiriz

En Parga temos no Campo Municipal Noreña Basanta unha Torre de Recepción de Sinais que son recibidas dende Santa Mariña de Lagostelle e tamén hai Paneis de Emisión, cuxas deficiencias arranxáronse coa poda e curta de árbores e polas.

Máis aínda así en grande parte da vila de Parga debido a súa ubicación nun val profundo e rodeado de montes ateigados de bosques e fragas, non chega a sinal en condicións, e vense con moitas deficiencias moitas cadeas, sobre todo os can/es da TVE, tales como: A primeira, (TVE1) a segunda (TVE2) e 24 Horas e nalgunhas vivendas non son nin sequera sintonizadas.

RETEGAL é a empresa que ten asignado o mantemento do repetidor por parte da Xunta de Galicia. Na documentación entregada por RETEGAL despois da súa comprobación verificouse que nas MEDIDAS DE SINAL DE ENTRADA son deficientes ou moi deficientes, e que nas MEDIDAS DE SINAL DE SAIDA tamén son deficientes, entón o problema é a ubicación do repetidor e cambiándoo de sitio resolverse a recepción e aproveitase para actualizar todas as canles que se veían mal, tales como TVE1, TVE2 e 24 HORAS, máis os que nunca se puideron ver por ninguén.

A Torreta que hai en San Alberte de Parga non afecta a Torreta de Recepción de Parga ubicada no Campo Municipal Noreña Basanta.

Mentres que a recepción da Torreta de San Alberte e vía satélite, a recepción da Torreta de Parga e dende Santa Mariña de Lagostelle, e craro, hai persoas que dende os seus domicilios en Ferreira, a Poboia ou o Buxio vena perfectamente, canto máis un se mete ao val menos posibilidades existe dunha boa recepción.

Por todo e/o, elevase ao Pleno esta **MOCIÓN**, na que se propoñen os seguintes ACORDOS.

Para solucionar o problema dunha vez por todas sería necesario instar a Xunta de Galicia para que execute as seguintes actuacións:

1. Ubicar o novo repetidor TDT de Parga no lugar da Pobra detrás dos nichos do cemiterio.
2. Pedir de novo os permisos necesarios tanto a Patrimonio da Xunta e tamén ao Bispado de Mondoñedo-Ferrol, xa que os terreos pertencen a Igrexa Católica. Hai que subliñar que estes permisos estaban dados e que seguramente caducaron no tempo xa que son do mandato dos últimos meses do Sr. Teixido como Alcalde-Presidente deste Concello.
3. Aproveitando a nova ubicación sería necesario actualizar os canles que fallan, TVE1, TVE2, 24 HORAS, máis os que nunca se viron.
4. Dicirlles que esta petición está avalada pola empresa RETEGAL, que é a encargada do mantemento de dito repetidor TDT por parte da Xunta de Galicia."

Aberto o debate pola Presidenta o voceiro do BNG di que este tema xa o trouxemos nós no mes de maio cun rogo para que o Concello xestionara a revisión do repetidor.





Concello de Guitiriz

Esta máis que claro que segue fallando e non funciona ben porque o concello como de costume non fixo nada.

En canto a moción, a veciñanza ten razón para queixarse, xa o fixeron meses atrás a membros do BNG.

Cambiar a localización do repetidor, si non fai a súa función é normal que se cambie. Supoño que calquera empresa do sector esta capacitada para cambialo e para buscar o lugar idóneo e logo xa se falaría dos permisos, si o sitio que propoñen vostedes é o mellor pois seria perfecto. Estamos de acordo con esta moción.

A Sra. Alcaldesa di a competencia para a difusión da radio televisión non é do Concello senón que é da Comunidade Autónoma e así o establece o artigo 34.1 do Estatuto de Autonomía.

Na lexislación anterior a esta fíxose un orzamento para cambiar a torreta e tivo un reparo de intervención porque o concello non tiña competencias e non se puido levar a cabo por este motivo.

Eu púxenme en distintas ocasións en contacto coa Xefatura correspondente e eles pedíronlle explicacións a Retegal e esta emitiu un informe a Xunta onde constan as deficiencias que hai que emendar para que a sinal de televisión sexa boa. A nós no seu momento pedíronnos que cortamos as ramas que había e que estaban crecendo enredadas na torreta e o concello fíxoo de forma rápida.

En definitiva eu creo que o que se pide nesta moción non o ten que facer o concello senón a Xunta xa que non é competencia local.

O Voceiro do PP di que en Parga, cando entras no Campo de Fútbol, hai unha torreta de recepción na parte de arriba e unha de emisión na parte de abaixo. O que ocorre é que neste concello hai dúas torretas a de Santa Mariña de Lagostelle e a de San Alberte de Parga (torreta de Baamonde) que reciben por vía satélite.

No tempo no que gobernou Sr. Teixido buscou o sitio adecuado (todo isto comunicoumo un técnico en televisión Angel López Meilán que é e vive en Parga), o sitio ideal sería a Pobra de Parga. Tamén me dixo que si a torreta de recepción se puxera máis alta tamén podería ser unha solución, pero pode ser que subir esta torreta custe mais que ubicala no sitio que se buscou cando gobernou o Sr. Teixido e se verificou cal era o máis adecuado, na Pobra.

Unha vez que se solucione o problema poderíamos ver todas as canles, ademais de ver TV1, TV2 e 24 horas poderíamos ver MP3, MP4 e MP5.

Xa sabemos que "Retegal" leva o da difusión da radio televisión pero vostede debe tratar que a Xunta cambie as dúas torretas para o lugar de Pobra ou ben que a torreta de recepción a fagan máis alta.

O voceiro do BNG di que entende que a moción vai encamiñada a que vostede faga a xestión polo ben da veciñanza.

A Sra. Alcaldesa di que estas deficiencias comuniquen en decembro de 2020 segundo o protocolo establecido pola Xefatura Provincial de Telecomunicacións e esta pediulle un informe a Retegal. Si o que queren é que sexa a corporación en Pleno a que pida a Xunta todo o que figura na moción entón hai facer unha emenda





Concello de Guitiriz

no paragrafo seguinte aos acordos, quedando do seguinte teor literal "Instar a Xunta de Galicia, para solucionar o problema dunha vez por todas, para que execute as seguintes actuacións" quedando os puntos 1, 2, 3 e 4 igual.

Procedese a votación da emenda, quedando aprobada por unanimidade

Sometese o asunto a votación, emendándose o punto primeiro do ditame da comisión informativa que queda redactado do seguinte xeito: "Para solucionar o problema dunha vez por todas sería necesario instar a Xunta de Galicia para que execute as seguintes actuacións" A inclusión da emenda e o asunto emendado e aprobado por unanimidade.

Expediente 729/2021. Moción PSOE solicitude Xunta Galicia execución senda peonil entre Parga e o Meson da Cabra

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A proposta de acordo, ditaminada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Pleno, é a seguinte

"MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOLICITANDO A CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE A EXECUCIÓN DO ACORDO DE MARZO DE 2016 DO CONSELLO DA XUNTA E EXECUTE A SENDA PEONIL ENTRE PARGA E O MESON DA CABRA CONTEMPLADA NO MENCIONADO ACORDO, PARA A SÚA CONSIDERACIÓN, DEBATE E POSTERIOR APROBACIÓN POLO PLENO DO CONCELLO DE GUITIRIZ.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En marzo de 2016, a Xunta de Galicia presidida por Alberto Nuñez Feijóo, aprobou no Consello da Xunta unha inversión de 26,3 millóns de euros para a construción de 170 Km. de sendas no territorio galego. Este plan de sendas desenvólvese no marco do Plan de Seguridade Viaria 2016-2020.

Dentro deste plan contemplábase para o noso concello unha actuación na LU-242 para conectar a Vila de Parga co Mesón da Cabra.

Coa situación vivida durante o ano 2020, non nos pareceu prudente reclamar á Xunta o cumprimento dos seus compromisos, pero agora que se empeza a recuperar a actividade por parte da Xunta, como non podía ser doutra forma, solicitamos á Consellería de Infraestruturas que leve a cabo as sendas contempladas nese plan que deberían estar rematadas antes de finalizar o 2020.

Esta inversión presupostada para o noso concello, é unha actuación demandada e necesaria para os veciños do noso concello, especialmente para os da Vila de Parga, que melloraría a mobilidade e aumentaría a seguridade nese tramo de vial,





Concello de Guitiriz

que recordamos é competencia da Xunta de Galicia.

Por todo isto, desde o Grupo Municipal Socialista de Guitiriz propoñemos para a súa aprobación polo Pleno o seguinte acordo:

1. Instar á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a execución deste proxecto (que debería ter rematado no ano 2020) reiterando a petición que lle fixo a nosa alcaldesa na reunión celebrada no despacho da Conselleira o pasado 26/05/2021.”

Aberto o debate pola Presidencia o voceiro do PP di que a Xunta de Galicia no marco do Plan de Seguridade Viaria 2016-2020 deseñou o plan de sendas de Galicia que consiste na construción de itinerarios peonís e para bicicletas seguras, sustentables e integradas na paisaxe. O Plan inclúe actuacións en sete comarcas galegas, a Terra Chá entre elas, como resultado dunha análise global do territorio no que se establecen a orde de actuación fundamentado sobre varios criterios obxectivos. Deste xeito atendéronse factores como a situación dos núcleos de poboación, os servizos, os equipamentos, o tráfico e sinistralidade que rexistre cada treito de estrada, a orografía, as pendentes do terreo, o clima, a facilidade de implantación e a posibilidade de conectar cun percorrido xa existente.

Entre as nove sendas previstas para a Terra Chá, atopase a da LU-242 no Concello de Guitiriz, pola que se conecta a Pobra de Parga co Mesón da Cabra. O proxecto que neste momento esta en fase de revisión e corrección supoñerá un investimento de 330.000 € dado que obriga a facer expropiacións o proxecto terá que someterse a información pública.

Na alusión que se fai na iniciativa da reunión mantida entre a alcaldesa e a Conselleira de Infraestrutura e Mobilidade so se fai mención a disposición a colaborar e chegar a un acordo dunha parte pero esquecese quizás de xeito interesado da outra.

Para contextualizar o falado hai que lembrar o convenio subscrito en 2007 entre o Concello de Guitiriz gobernando na aquel momento polo PSOE e a Xunta bipartita, a administración autonómica subvencionou as obras do proxecto redactado pola administración local para executar un paseo peonil na marxe dereita da estrada LU-242 entre os pk 1,205 e 1,809 e o Concello pola súa banda debía, unha vez rematadas as obras asumir a titularidade e explotación da estrada. Esta parte do Convenio non chegou nunca a materializarse porque o concello non formalizou a cesión.

A actual Alcaldesa pretende asumir agora a titularidade da estrada, que a Xunta arranxe as obras feitas no seu día polo concello, faga un reforzo de firme e execute a senda peonil, e dicir, pretende que a Xunta faga todo cando sabe que é responsabilidade do Concello arranxar a configuración actual das cunetas.

A Xunta ten un compromiso coa execución da senda, a alcaldesa debe asumir a súa responsabilidade e preocuparse polo arranxo do firme da vía porque gobernar é asumir responsabilidade e traballar para solucionar os problemas en lugar de descargar todo no resto. Insisto en que a Alcaldesa debe asumir a súa parte, arranxar o firme e as cunetas para que a Xunta acometa a súa, a execución dunha senda peonil e ciclista neste treito da LU-242.





Concello de Guitiriz

Hai que afearlle, concretamente ao PSOE o incumprimento do acordo de 2007 polo que o Concello de Guitiriz debería ter asumido a titularidade desta estrada así como actuación defectuosa realizada.

Tamén hai que poñer en valor a disposición da Xunta a colaborar co Concello para a mellora e modernización da ETAP, a Alcaldesa e a Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade asinaron o pasado marzo o convenio de colaboración para modernizar o sistema de bombeo da ETAP municipal cun investimento conxunto de case 415.000 €. Outro exemplo de colaboración e transferencia, o pasado mes de febreiro na estrada autonómica LU 241 que coincide integramente coa Rúa Rosalía de Castro.

O voceiro do BNG di que segundo o que expoñen esta beiravía ou senda paralela a estrada dende Parga ao Mesón esta contemplada no Plan de Seguridade Viaria da Xunta 2016-2020, unha promesa máis. Agardamos que nesta actuación estea contemplada tamén a dotación de medidas de seguridade viaria tanto no tramo novo como no xa realizado.

No que atinxe a seguridade dos viandantes, regulación de velocidade con sinalización de advertencia, colocación de bordes de protección etc., como no que atinxe a seguridade dos automobilistas con colocación de rexas inclinadas de petición no sentido da marcha, iluminación ou resaltados sonoros dos bordes da estrada.

Esta claro que a continuación da beiravía ata o Mesón con medidas de seguridade que permitan unha conexión a pé coa N-VI, iluminación e punto de descanso é unha actuación necesaria para a veciñanza. Tamén consideramos que debe ir unida a unha mellora da estrada xa que nalgún lugar, sobre todo nas curvas de “riopequeno” en sentido Mesón da Cabra levantase o pavimento e orixina grandes fochancas no medio da curva. Tamén deberían ampliar e sinalizar mellora a ponte e as curvas.

Posto que a petición esta feita pola alcaldesa o 26 de maio deste ano imos votar a favor.

A Sra. Alcaldesa di que o compromiso do ano 2007 tampouco foi asumido polo goberno do Sr. Teixido na lexislatura 2011-2015, nin na seguinte 2015-2019, entón eu non podo ser responsable disto.

O voceiro do PP obvia que eu asumín na reunión que mantiven coa Conselleira que o arranxo das cunetas faríaas o Concello pero o que non pode facer o Concello é arranxar o pavimento dunha estrada que neste momento e titularidade da Xunta. Na reunión coa Conselleira propúxenlle que arranxen o firme e que executen a senda peonil e o Concello asumira o arranxo das cunetas e despois transferiremos a vía.

A transferencia da outra vía da que fala fíxose a petición do concello para facilitarlle a vida a xente de Guitiriz, o que non entendo é como non se fixo antes.

O voceiro do PP di que o problema vén de cando era alcaldesa a Sr. Polín, esta púxose en contacto co bipartito da Xunta e acordou coa Conselleira que aquilo quedaba do Concello, non a estrada pero si a rúa, suponse que a rúa e ata última casa, dende o meu punto de vista unha burrada porque un Concello como Guitiriz non ten cartos para arranxar todas as rúas, as que teñen cartos son as Administracións grandes.





Concello de Guitiriz

Intervén a alcaldesa para aclarar que o titular da vía segue sendo a Xunta.

O voceiro do BNG di que esta claro que é mellor que esta petición, para retomar o tema, o faga a corporación en conxunto, por iso imos votar a favor.

A Sra. Alcaldesa di que nós o que fixemos foi ofrecer a nosa colaboración primeiro co Xefe de Servizo en Lugo e despois coa Conselleira xa que o que queremos é que ese proxecto se execute.

Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade.

Expediente 730/2021. Moción PSOE. Solicitud Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar a construción dunha escola infantil

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 13, En contra: 0, Abstencións: 0, Ausentes: 0

A proposta de acordo, ditaminada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Pleno, é a seguinte

“MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOLICITANDO Ó CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR A CONSTRUCCIÓN DUNHA ESCOLA INFANTIL NO NOSO CONCELLO, PARA A SÚA CONSIDERACIÓN, DEBATE E POSTERIOR APROBACIÓN POLO PLENO DO CONCELLO DE GUITIRIZ.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Guitiriz, arrastra dende fai anos (4-5 anos) un déficit nas prazas das que dispón para Educación Infantil (0-3 anos). Temos un PAI de xestión municipal que dispón de 20 prazas e non dispoñemos de ningunha praza nin privada, nin concertada; incumprindo así a normativa autonómica que fixa o ratio de prazas ofertadas en función da poboación rexistrada no padrón.

Esta foi unha das preocupacións principais deste equipo de goberno dende o principio desta lexislatura e foi por iso que nada máis chegar ó goberno, solicitamos unha reunión co Xerente do Consorcio para buscarlle unha solución. Nesta xuntanza plantease algunha alternativa. Pero xa se indica que o primeiro que temos que facer e manter unha reunión coa Conselleira, esta reunión celébrase o 1 de outubro do 2019.

Desta reunión, a representación do Equipo de Goberno sae có compromiso da Conselleira de resolver esta problemática que distorsiona gravemente ás familias residentes en Guitiriz.

A primeira alternativa que se plántea é a da reforma-ampliación do PAI existente, para valoralo desprázanse ata Guitiriz os Técnicos do Consorcio que trala correspondente valoración determinan que non é viable a ampliación do edificio onde actualmente se presta o servizo.





Concello de Guitiriz

Polo tanto só queda a segunda opción que é a construción dunha nova escola infantil, ese mesmo día, acompañados do Técnico de Urbanismo do Concello e dentro do recinto onde está ubicado o PAI actualmente (tamén está o CEIP Lagostelle), os Técnicos do Consorcio determinan que existe unha ubicación dentro desta parcela que resulta idónea para a construción da Escola Infantil.

Estas actuacións son trasladadas ó Xerente do Consorcio. Despois disto entramos nunha situación excepcional (estado de alarma, pandemia sanitaria). A continuación celebráronse eleccións na nosa Comunidade o que ralentizou calquera decisión respecto a problemática que nos ocupa.

Unha vez superada esta situación, cando se acadou unha certa normalidade, como ía pasando o tempo e non recibíamos noticias nin do Consorcio, nin da Consellería, nin tiñamos coñecemento de ningunha iniciativa pola súa parte para darlle unha solución, propiciamos unha nova reunión có Xerente do Consorcio para coñecer de primeira man cales eran os pasos que se podían dar dende o Concello para comezar a resolver a carencia de prazas de educación infantil no noso municipio. Esta reunión foi telemática e celebrouse o mércores 10 de febreiro.

Nesa reunión comunicásenos que o primeiro paso e ter unha memoria valorada da Escola Infantil necesaria para os nosos veciños. Co asesoramento dos Técnicos do Consorcio, cumprindo có compromiso acadado có Xerente nesa videoconferencia, fixemos os deberes e esa memoria foille entregada de maneira informal ó Xerente do Consorcio, Perfecto Rodriguez, no acto de firma do Convenio de Xantar na Casa, que tivo lugar o pasado 29 de abril na delegación da Xunta de Galicia en Lugo.

Posteriormente o día 8/05/2021, enviase a través de rexistro acompañada do correspondente escrito tanto á Conselleira como ó Xerente do Consorcio, para que poidamos manter unha xuntanza, na que se decidan os seguintes pasos que entendo eu pasan por abordar a financiación deste proxecto. Ata o día de hoxe non obtivemos ningunha resposta.

Con esta situación que continuamos a vivir, neste momento, estamos prexudicando ás familias deste Concello dificultando a conciliación das familias, e faltando ó compromiso que temos que ter coa cidadanía de dar os servizos ós que estamos obrigados en función das competencias que temos atribuídas cada administración.

O Consorcio continua coa súa actividade, recentemente puxéronse en funcionamento distintos centros de atención ós nenos de 0 a 3 anos en concellos cercanos ó noso, tanto casas-niño como Escolas, polo que non entendemos este comportamento que está a ter a Xunta, có señor Alberto Nuñez Feijoo ó fronte con respecto ó noso Concello.

Por todo iso, desde o Grupo Municipal Socialista de Guitiriz propoñemos para a súa aprobación polo Pleno os seguintes acordos:

1. Instar á Conselleira de Política Social, Dona Fabiola García e ó Xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, Don Perfecto





Concello de Guitiriz

Rodriguez que cumpran coa súa obriga e doten ó noso Concello das prazas necesarias para dar cobertura ós nenos menores de 3 anos residentes no noso Concello. Este foi o compromiso que acadaron cando asumiron os postos que desempeñan na actualidade e a Conselleira de xeito persoal coa alcaldesa comprometeuse a darlle unha solución a esta problemática.

2. No caso de que ningún dos mencionados no parágrafo anterior cumpran coa súa responsabilidade o Presidente da Xunta, D. Alberto Nuñez Feijoo debería de dar explicacións á veciñanza de porque non se está a cumprir coa Legalidade Vixente, e tamén explicacións deste comportamento que se podería calificar de sectario có Concello de Guitiriz.”

Aberto o debate pola Presidenta o voceiro do PP di que antes de comezar gustaríanos que retirase a palabra “sectario”.

Galicia duplicou no últimos 10 anos o número de prazas de educación infantil. Na actualidade contamos con máis de 25000 prazas, a gratuidade para o segundo fillo e sucesivos comezouse a aplicar a partir de abril de 2020. En Guitiriz hai 96 nenos/as de 0 a 3 anos, isto significa que a ratio de atención é do 20% por debaixo do recomendado. O PAI de Guitiriz recibe financiamento da Xunta de Galicia, durante o ano 2020 recibíronse 9.000 euros dentro do Plan Concertado, unha axuda que se incrementará ata 20.000 euros no ano 2021.

A marxe de todo isto, tanto a ampliación do PAI, se é posible, como a construción dunha nova gardería é necesaria para o noso concello.

Nós queremos apoiar esta moción, pero calificar de sectario ao Presidente da Xunta parécenos que está fóra de lugar por iso pedímoslle, Sra. Alcaldesa, que retire a palabra “sectario” antes de proceder a votación.

O voceiro do BNG di que cremos que non vai ser tarefa doada. Temos un PAI dende hai anos que o xestiona o concello, nunha casa que antes foi a casa do conserxe da escola e adecuárona para ser o que é hoxe, que está quedando pequena, foi sempre pequena, está claro que fai falta outra máis grande.

Pretenden ter una escola construída pola Xunta e xestionada polo Concello. O que está a construír a Xunta son as Galiña Azul xestionadas polo Consorcio Galego e por iso creo que vai ser moi difícil conseguir una nova escola e que siga sendo xestionada polo Concello. Imos a votar a favor.

A Sra. Alcaldesa di que non ten unha pretensión predeterminada, o que quero é que o Consorcio nos diga as distintas posibilidades que temos.

Eu o que quero é que as familias teñan o servizo, ás familias que non teñen o servizo non lles soluciona nada a aportación da Xunta posto que o seu neno/a non ten praza. O PAI funciona dende o 2005, de aquela era suficiente, posteriormente produciuse un incremento de poboación entre 0 e 3 anos e non se cumpre o ratio establecido pola Xunta.

Retiro a palabra “sectario” porque non teño ningún inconveniente en retíralo pero realmente si parece un comportamento sectario, problemas similares expostos por outros concellos con posterioridade ó noso están solucionados. Esta mesma moción





Concello de Guitiriz

en forma de escrito remitíuselle ao Consorcio e á Consellería no mes de maio e aquí estou sen resposta, canto menos é reprobable e una falta de respect.

O voceiro do BNG di que levamos dous anos facendo a petición e non sabemos nada por iso digo que vai ser difícil conseguilo.

Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade.

TRÁMITE DE URXENCIA

A Sra. Alcaldesa xustifica a urxencia para tratar os dous asuntos seguintes. Sometida a votación da urxencia dos dous asuntos seguintes é aprobada por unanimidade dos 13 membros da Corporación, engadíndose a orde do día da sesión.

Expediente 492/2021. Convenios de colaboración coa CHMS

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 8, En contra: 0, Abstencións: 5, Ausentes: 0

O Secretario da lectura a proposta do seguinte teor literal:

“Expediente de aprobación de límites de gastos plurianuais en relación o Convenio de colaboración entre a Confederación Hidrográfica del Miño- Sil O.A. (CHMS) e o Concello de Guitiriz para a financiación, execución e entrega das novas actuacións no saneamento e a EDAR de Guitiriz.

Visto o texto do proxecto de Convenio entre a CHMS e o Concello de Guitiriz para a financiación, execución e entrega das novas actuacións no saneamento e a EDAR de Guitiriz, recibido no Concello con data 03/05/2021 e RE: 1873.

Visto o informe de fiscalización 2021-0177 de data 22/07/2021 do expediente de aprobación do convenio de colaboración entre a CHMS e o Concello de Guitiriz para a financiación, execución e entrega das novas actuacións no saneamento e a EDAR de Guitiriz no que se expón o seguinte:

“De acordo co Art. 84 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril no que se desenrola o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos:

1. En casos excepcionales el Pleno de la Entidad podrá ampliar el número de anualidades así como elevar los porcentajes a que se refiere el artículo 82. (Artículo 155.5, LRHL).

2. El Pleno de la Entidad podrá igualmente, a los efectos de facilitar su cálculo, fijar directamente el importe de los nuevos límites.





Concello de Guitiriz

Dada a excepcionalidade e urxencia da actuación, propónse que o Pleno acorde fixar o importe dos límites, nos que sexan coincidentes co requerido pola Confederación Hidrográfica Miño - Sil.”

Considerando o disposto nos artigos 15 a 19, 57, e 20.3 s) e 101 da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada polo RDL 2/2004 de 5 de marzo.

Considerando o disposto nos artigos 4.1 a), 21.1, 22.2 d),25.2, 47.1, 49,65.2 e 70.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e concordantes da Lei de administración local de Galicia, Lei 5/1997 do 22 de xullo.

Tendo en conta a urxencia de aprobación do Convenio de referencia para a iniciación das actuacións que se conteñen no mesmo, así como o principio de eficiencia do gasto público e a importancia que supón para a salubridade do medio ambiente ditas actuacións. Tendo en conta que a comisión informativa de asuntos do pleno foi convocada o 22/07/2021 a primeira hora da mañán e o informe de fiscalización no que se indica que deben aprobarse en pleno os límites dos gastos plurianuais tramitouse o día 22/07/2021 con posterioridade á convocatoria, non foi posible incluír dito asunto na orde do día de dita comisión.

Propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar a ratificación da inclusión do presente punto na orde do día da convocatoria dada a urxencia motivada nos antecedentes anteriores.

SEGUNDO.- Tendo en conta os datos do proxecto do convenio donde se especifican as anualidades e as aportacións das partes asinantes do mesmo tal e como consta no seguinte cadro:

ADMINISTRACIÓN	1ª anualidad	2ª anualidad	3ª anualidad	TOTAL
CHMS, O.A.	36.800 €	144.000 €	11.200 €	192.000 €
AYUNTAMIENTO DE GUITIRIZ	9.200 €	36.000 €	2.800 €	48.000 €
TOTAL	46.000 €	180.000 €	14.000	240.000 €

Propónse a aprobación dos límites de gastos plurianuais relativos a este convenio, correspondendo os mesmos cos requiridos no Convenio pola Confederación Hidrográfica Miño – Sil, de xeito que os límites de gastos plurianuais serían o seguintes:

ADMINISTRACIÓN	1ª anualidad	2ª anualidad	3ª anualidad
AYUNTAMIENTO DE GUITIRIZ	9.200 €	36.000 €	2.800 €
TOTAL	9.200 €	36.000 €	2.800 €

Aberto o debate pola Presidenta aclara que este expediente corresponde á petición que se fixo desde o concello á Confederación por esa obra que tiña deficiencias feita no mandato anterior, e para solucionar esas deficiencias o Concello ten que asinar un convenio no que se compromete a aportar estas cantidades. É un convenio plurianual e





Concello de Guitiriz

no noso orzamento non ía contemplado este gasto plurianual o que nos obriga a tráelo a Pleno e como non estaba informado cando se convocou a Comisión Informativa temos que aprobalo coa maior rapidez posible para que a Confederación faga o proxecto e así solucionar canto antes esas deficiencias.

O Voceiro do PP di que é un convenio que data de 3 de maio de 2021 e visto o informe de fiscalización do 22 de xullo, día de Comisión Informativa, e debido a que esta documentación foinos achegada o día 27 e non tivemos tempo material para estudiala polo que non imos entrar no debate e imos abstermos.

O voceiro do BNG di que si é para mellorar o que quedou mal está claro que hai que facer a actuación.

Sometida a urxencia da inclusión da orde do día do asunto e acadada por unanimidade dos asistentes, procedéndose posteriormente a votar o fondo do asunto, sendo aprobado cos votos favorables do PSOE e BNG e coa abstención do PP.

Expediente 592/2020. Modificación de trazado do camiño público co código04_1595

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

O Secretario da lectura a proposta do seguinte teor literal:

“Expediente de modificación de trazado dun tramo do camiño público co código 04_1595 no paso xunto á piscina municipal. Expte: 592/2020.

Vistos os seguintes antecedentes máis relevantes que constan no expediente:

- Providencia de incoación de expediente de cambio de trazado de camino público, de data 22/03/2021. Publicada con copia do plano do cambio de trazado no taboleiro de edictos do 26/03/2021 ao 23/04/2021.
- Comunicación a interesados de prazo de audiencia para cambio do trazado, asinado pola alcaldía en data 23/03/2021, e comunicado en data 25/03/2021 segundo os S.R.C. 468, 469, 470, 471, 472 e 473.
- Informe do técnico municipal de medio ambiente nº 2021-105 de data 31/05/2021.
- Informe complementario do técnico municipal de medio ambiente nº 2021-108 de data 04/06/2021.
- Remisión do expediente á Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural de Lugo en data 09/06/2021 co S.R.C nº 871.





Concello de Guitiriz

- Memoria e planos de cambio e trazado asinadas polo técnico municipal de medio ambiente en data 16/06/2021.
- Informe da arquitecta técnica municipal nº 2021-289 de data 17/06/2021.
- Comunicación previa presentada ante a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil en data 18/06/2021 co S.R.C nº 905.
- Remisión do expediente á Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural de Lugo en data 18/06/2021 co S.R.C nº 911.
- Informe da Consellería de Medio Rural de Lugo recibido en data 28/06/2021 co E.R.C. nº 2844.
- Informe da arquitecta técnica municipal nº 2021-329 de data 28/07/2021 sobre modificación do trazado no inventario de bens municipais dun tramo do camiño á area recreativa de Sete Muiños.

Considerando o disposto nos artigos 15 a 19, 57, e 20.3 s) e 101 da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada polo RDL 2/2004 de 5 de marzo.

Considerando o disposto nos artigos 4.1 a), 21.1, 22.2 d),25.2, 47.1, 49,65.2 e 70.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e concordantes da Lei de administración local de Galicia, Lei 5/1997 do 22 de xullo.

Tendo en conta a urxencia de aprobación da modificación do trazado para ampliar o espazo de lecer da piscina climatizada municipal, debido a pandemia sufrida polo COVID-19 que obriga a aumentar as medidas de seguridade, sendo unha delas a redución do aforo das instalacións municipais en base a súa superficie útil. Por elo para aumentar dito aforo, é preciso dispoñer de mais espazo para gardar as distancias de seguridade entre persoas.

Considerando que a Comisión Informativa de asuntos do pleno foi convocada o 22/07/2021 a primeira hora da mañá e o informe da arquitecta técnica municipal nº 2021-329 se tramitou con posterioridade, é de data 28/07/2021, non foi posible incluír dito asunto na orde do día da comisión.

Propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o cambio de trazado de camiño público co código 04_1595 ao seu paso pola piscina municipal climatizada, segundo a Memoria e planos asinadas polo técnico municipal de medio ambiente en data 16/06/2021.

SEGUNDO.- Modificar o trazado do camiño público co código 04_1595 no inventario de bens municipais, conforme ao Informe da arquitecta técnica municipal nº 2021-329 de data 28/07/2021.

TERCEIRO.- Dar conta do acordo aos servizos municipais afectados aos efectos





Concello de Guitiriz

oportunos. “

Aberto o debate pola Presidenta, explica que esto responde a unha actuación que se fixo na piscina para conseguir máis espazo arredor do vaso polo que se modificaba unha parte do trazado do camiño.

O voceiro do PP di que estamos no mesmo caso que no punto anterior, posto que non tivemos tempo para estudialo, imos abstermos.

O voceiro do BNG di que Como non puiden mirar nada sobre o tema voume abster.

Intervén o Secretario Municipal para aclarar que no expediente hai varios informes, un do técnico de medio ambiente sinalando que o camiño esta no inventario e pronunciándose sobre a viabilidade urbanística, outro da Xefatura Territorial de Lugo da Consellaría de Medio Rural dando validez a viabilidade urbanística da actuación a realizar, outro da arquitecta técnica municipal que conforma o informe emitido pola Xefatura Territorial de Lugo e por último outro da arquitecta técnica municipal sinalando a necesidade de levalo a Pleno para a modificación do inventario. Todos teñen carácter favorable.

Sometida a urxencia da inclusión da orde do día do asunto e acadada por unanimidade dos asistentes, procedéndose posteriormente a votar o fondo do asunto sendo aprobado cos votos favorables do PSOE e coa abstención do PP e do BNG.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS

Voceiro do grupo PP:

1. Se publique un bando aclarándolle aos veciños/as os gastos das festas de San Xoan de Lagostelle deste ano.

Responde a alcaldesa que o concello non organiza as festas, non colabora economicamente senón que colabora con intendencia, contenedores, vallas etc.

2. Se arranxe a pista que vai do Cando ao Seixo na parroquia de San Salvador de





Concello de Guitiriz

Parga e as que se atopen en mal estado, que son moitas as que están cheas de fochancas.

3. Que a concelleira de obras se preocupe un pouco máis dos estado das rúas das vilas e das obras que se fan nelas e non se fagan chapuzas como na rúa Pena Lliboi en Parga, primeiro botouse asfalto nas fochancas e segundo viñeron a facer unha chapuza sen tan sequera poñer cantos rodados ou croios estando a rúa na súa meirande parte coas pedras esnaquizadas que aínda non se repararon.

4. Se siga insistindo as empresas eléctricas para que solucionen os problemas dos cortes de luz.

5. Nos sitios que sexan necesarios, se coloquen máis contenedores de lixo, se limpen e se desinfecten e que se bote auga a presión nos sumidoiros xa que algún bota cheiro para as rúas.

6. Se poña un valado de madeira dende a casa de don Lino ata a Pontella do Rego do Porto tendo en conta a perigo existente por mor do desnivel que hai dende a beirarrúa ata a finca da casa antes mencionada. Sería convinte que puxera no valado de madeira un par de bisagras que faga de porta para poder abrir no caso de que fose necesario e tela pechado para maior seguridade dos viandantes que pasen por alí.

7. Que de agora en diante cando se fagan obras que podan prexudicar algúns negocios se lle comunique e se lles de asistencia en canto precisen. O corte de auga que se fixo con motivo das obras en Parga, no lugar A Pobra, fixo que a casa de turismo rural Arrebol sita no Covelo estivera 24 horas sen auga e tivo que fretar un camión cisterna con auga e supúxolle un custe económico de 250 € que pensamos que debería pagar o concello.

Voceiro do grupo BNG:

1. Se faga limpeza polas rúas de Guitiriz e Parga. Non sei si se esta a empregar algún produto químico para matar as herbas, pero recórdolle que hai unha moción de non usar produtos químicos para matar as herbas.

2. Se controle e notifique aos empregados de tempada que residen en Guitiriz para que cumpran as medidas sanitarias estipuladas polo Covid como calquera veciño/a.

3. Reclamar a empresa Monbus ou a Xunta para que respecte e cumpra as condicións laborais coas empregadas que prestan o servizo de coidadoras, ata se despediu a algunha. Elas so reclaman o que lles pertence e consideramos que o mellor apoio sería que o concello se interesara e reclamase conxuntamente por estas mulleres.

4. Rogamos unha vez mais que se actúe no Curro Vello xa que esta nun estado lamentable: losas soltas, contenedores soterrados que non funcionan, pavimento roto en diversas rúas e Casa Barxa en mal estado e por ultimo agora que se vai facer a ampliación da saída na Rúa do Hórreo a N-VI se restaure o hórreo e se cambie para a praza.

Responde a alcaldesa que en canto a Casa Barxa hai un orzamento para arranxar as balconadas pero imos esperar que pase o tempo da terraza para non entorpecer.





Concello de Guitiriz

Estou de acordo que o Curro Vello necesita unha rehabilitación integral.

5.Rogamos se fagan a recollida dos plásticos agrícolas nas propias explotacións e se pechen os puntos de recollidas porque por exemplo os dos Vilares da pena.

PREGUNTAS

Voceiro do grupo PP:

Preguntas pendentes do pleno anterior:

-Que modificación de prezos públicos se fixo nas escolas deportivas?

Resposta: Esta publicado no Boletín Oficial de Provincia de Lugo.

Preguntas deste pleno:

1.Pódenos dicir que pasou co permiso das festas patronais?

Resposta: O DOGA do 28 de maio dicía que non se podían celebrar verbenas. Na reunión do Comité Clínico que tivo lugar o martes 22 acordouse que no DOGA que se ía publicar o venres íase levantar esa prohibición, entón o concello ante unha nova petición da Comisión de Festas para celebrar as verbenas o sábado e domingo autoriza as verbenas eses días e prohíbe as dos días 24 e 25.

2.Vostede estaba ao tanto do cartel das festas?

Resposta: O día que se fixo publico mandáronmo ao whassap.

Pregunta o voceiro do PP, quen pagou as luces?, ao que responde a alcaldesa que o concello non pagou nada.

3.En que colaborou o concello nas festas?

Resposta: economicamente en nada.

4.Pódenos dicir si se vai levar a cabo o arranxo da estrada de Parga a Sambreiro e dende aí ata Pedrafitá?

Reposta: Na Deputación aprobouse o presuposto para arranxar esa estrada.

5.Cando vai empezar a empresa adxudicataria dos desbroces?

Resposta: Xa empezaron

6.O Presidente da Deputación dixo no último Pleno da Deputación que a residencia da casa da Botica estaba asegurada. Díxolle algo a vostede o Sr. Tome?

Resposta: eso mesmo me di a min.

7.O cinco de febreiro desta ano estivemos reunidos os voceiros dos tres grupos políticos e acordamos valorar distintas alternativas sobre a residencia de maiores. Díganos que alternativas hai e cando nos imos reunir?

Resposta: reunirémonos.

8.Pódemme explicar porque unha das persoas cun contrato de limpadora facía de





Concello de Guitiriz

condutora do coche do Centro de Día?

Resposta: Porque pode facelo segundo o contrato e a ficha da RPT que cobre esa persoas ten entre outras funcións "as que a alcaldía lle asigne de categoría similar".

9.Cantos nenos/as hai matriculados no PAI e cantos en lista de espera?

Resposta: matriculados hai 20 que son as prazas que hai e hai lista de espera.

10.Cantas demandas xudiciais ten o concello de Guitiriz a día de hoxe?

Resposta: Non o sei, xa o miro e dígollo.

11.Sabe algo en canto o peche do Cuartel da Garda Civil?

Resposta: Non teño constancia, de todas formas interesareime e mantereinos informados.

Voceiro do grupo BNG:

Preguntas pendentes do pleno anterior:

-Cantas toneladas de plásticos agrícolas se recolleron e número de explotacións atendidas?

Resposta: Oito toneladas e oito explotacións na parroquia de Buriz

Preguntas deste pleno:

1.O próximo domingo 1 de agosto vanse realizar actividades fluviais e diversos xogos en Parga no entorno do río sabendo que é o único río de Galicia que ten as súas augas non aptas para o baño segundo deu a coñecer a Xunta de Galicia. Hai permiso de sanidade para realizar esas actividades ou faise responsable o concello de todo o que puidera acontecer?

Resposta: Dende que saíu esa analítica de Parga estivemos encargando analíticas a nosa empresa para intentar que Sanidade admitira a zona como apta para o baño. Temos que cumprir unha serie de requisitos que non nos vai dar tempo a cumprir e por iso imos cambiar de sitio os xogos e a partir de mañá publicitárase.

De todas maneiras a pesar de non poder facer estes xogos seguimos traballando coa Xunta para solucionar o problema e recuperar a zona do baño.

2.Quen deu permiso para cortar a arbore do Campo da Feira e porque se fixo?

Resposta: O permiso deuno o Concello xa que estaba levantando a praza, as raíces estaban facendo moito dano ao pavimento e estaba moi perigoso.

Responde o voceiro do BNG que cando se puxeron as pedras xa estaba a arbore aí e ademais esa arbore é de raíz superficial.

3.O sete de xuño estivo vertendo ao río a estación de bombeo que hai no Forxa, pode dicirnos porque verteu?

Resposta: concretamente non o sei, pregúntolle ao técnico e contéstolle.

4.O cinco deste mes houbo concentracións de repulsa en 64 concellos de Galicia





Concello de Guitiriz

pola agresión homofoga a un rapaz que finalmente faleceu. Guitiriz non estivo entre eses concellos, pode dicirnos porque non se fixo esa concentración en Guitiriz?

Resposta: Non houbo un motivo en concreto.

5.A piscina dos Sete Muíños, a do rio, esta preparada para o baño ou imos ter o mesmo problema que estes anos no mes de agosto, arranxouse a comporta?

Resposta: Eu creo que a comporta xa se arranxou porque estaba avariado o ano pasado.

6.Recentemente o concello enviou un escrito a Adif para que non execute ningún proxecto de supresión de pasos a nivel de Parga ata que conte coa aprobación veciñal e institucional e para elo enviáronse 94 sinaturas dos veciños/as. A pregunta é, porque non avalou estas sinaturas coas 1500 que rexistrou “Parga non se Divide” no concello?

Resposta: Porque esas sinaturas de “Parga non se Divide” non foron recollidas para o mesmo que foron recollidas estas. Non teño problema en enviar esas sinaturas a Adif pero no sentido no que foron recollidas.

7.Expoño tres cuestións en relación as festas de San Xoan:

- Porque aparece o escudo do concello no cartel que a Comisión de Festas fixo público o 17 e 18 senón había permiso oficial para facer as festas? Quen deu permiso?

Resposta: A Comisión de Festas de San Xoan dirixiuse ao concello para pedir colaboración no sentido que explique antes, ao igual cas distintas comisión organizadoras de distintos eventos que se desenvolven no concello. O Presidente da Comisión considerou aceptada esa colaboración e puxo o escudo do Concello no cartel.

-Porque dende a alcaldía se emite un decreto o 25 de xuño autorizando as actuacións das orquestras para o 26 e 27 si aínda non se podían autorizar xa que non estaba publicado no DOGA?

Resposta: Puxémonos en contacto con sanidade que nos dixeron que o venres se ía levantar a prohibición de non celebrar verbenas, pero nós non podiamos esperar ao sábado para facer a autorización (o sábado non hai funcionarios/as) , a resolución ten data de 25 pero non se lle entrega ata o 26 ao Presidente da Comisión.

-Porque se colocou o alumeado por todo Guitiriz si non se podían facer as festas e quen pagou o vai pagar esta iluminación?

Resposta: O concello non pagou a colocación das luces, só consumo.

8.O 27/7/2021 aparece un decreto que nós ten que explicar “contratación de tres condutores de motobomba” para tres meses para cumprir co Convenio de colaboración entre a Consellaría de Medio Rural e o Concello de Guitiriz para a participación na defensa preventiva dos incendios forestais durante o 2021. Da bolsa de emprego contratase a un operario pero os outros dous xa son empregados do concello. Van ocupar este posto ata que o concello contrate os dous que faltan?, non entendemos como se poden contratar a dous operarios que xa están na nómina do





Concello de Guitiriz

concello.

Resposta: Non están contratados, están adscritos provisionalmente para facer as funcións mentres non se resolve ese proceso selectivo, a alternativa era esa ou perder a subvención. Estes operarios o que teñen que facer mentres están adscritos provisionalmente e levar con eles a emisora de contacto por si hai algunha emerxencia.

Pregunta o voceiro do BNG como se fai a selección de persoal no final deste mes sabendo que teñen que estar operativos o 1 de agosto?

Responde a alcaldesa que se fai cando nos comunica a Xunta a subvención.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validación: 6WSFEJYHMYS45GYQWRWVXG57F | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 31 a 31